



RESOLUCIÓN do ____ de 2020 pola que se constitúe o Grupo Técnico Covid-19 no ámbito da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

O acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 (modificado por acordo do Consello da Xunta do 25 de xuño de 2020), sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, establece as previsións para os centros educativos no punto 5 das medidas, co seguinte teor literal “...3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elaborará e aprobará, mediante resolución, un protocolo de prevención e organización do regreso á actividade lectiva onde se recollerán as recomendacións sanitarias aprobadas ata o momento. O dito protocolo será supervisado pola consellería con competencias en materia de sanidade”.

Con data 22 de xullo de 2020 adoptouse a resolución conxunta das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

Este protocolo xa tiña previsto a eventual modificación das súas medidas en atención á evolución da pandemia e dos novos criterios das autoridades sanitarias autonómicas ou nacionais, e procedeuse dende entón a varias actualizacións.

O día 28 de agosto de 2020 publicáronse as “Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (DOG nº 174 bis do 28.08.2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”. Posteriormente publicouse a Resolución conxunta, de data 22 de setembro de 2020, das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”.

Esta última resolución aproba tamén os Protocolos de “prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo” e o de “prevención da transmisión da Covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios” co obxectivo de incorporar as medidas e accións complementarias ás indicadas no Protocolo xeral tanto para os nenos e



nenas con necesidades educativas especiais como para os comedores dos centros educativos non universitarios de Galicia.

Posteriormente publícase a Resolución conxunta, do 4 de novembro de 2020, das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021” e pola que se aproba o “Protocolo de actividades extraescolares en centros educativos non universitarios”, co obxecto de ampliar as indicacións en materia de actividades extraescolares e complementarias e afondar na coordinación da resposta máis axeitada a unha situación epidemiolóxica cambiante.

Por tanto, os protocolos son obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da situación sanitaria, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

O Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, no seu apartado 2.1, establece que todos os centros contarán cun Equipo Covid que terá labores de seguimento, coordinación, referencia e interlocución.

Analogamente é necesario dispoñer, no ámbito da consellería, dunha estrutura de equipo de traballo multidisciplinar coa coordinación e formación necesaria e dedicado especificamente a realizar un seguimento da situación diaria da pandemia nos centros educativos, homoxeneizar fontes de información ou variables de interese, supervisar o circuíto de información, a forma e periodicidade de captación de datos e consolidar e analizar a información.

Este Grupo Técnico Covid-19 ten que estar en disposición inmediata, por unha banda, de propoñer ao titular da consellería, dunha forma rápida e eficaz e en base as evidencias dispoñibles, aquelas propostas de medidas que sexan necesarias para minimizar ou paliar as consecuencias da Covid-19 no ámbito educativo; e por outra, de revisar, redactar, xestionar e consolidar aquelas propostas de mellora de protocolos vixentes ou propostas de novos protocolos que se consideren necesarios, consignadas e validadas polas autoridades educativas e sanitarias competentes.

A emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19 ten un impacto innegable na poboación educativa. É deber e función da Consellería de Cultura, Educación e Universidade tomar todas as medidas necesarias, ás veces extraordinarias e urxentes, que posibiliten unha acción rápida, organizada, harmonizada, coordinada, coa máxima calidade, e cunha comunicación en tempo





real e efectiva coas autoridades sanitarias, para evitar que a crise sanitaria derive nunha crise educativa. O seguimento e monitoraxe permanente estará encamiñado a garantir a educación como dereito-deber efectivo, así como a asegurar os principios educativos básicos establecidos na normativa vixente, mediante a achega dos fundamentos para unha toma de decisións informada polas evidencias científicas.

En consecuencia,

RESOLVO

Primeiro.- Creación do Grupo Técnico Covid-19 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Constitúese un Grupo Técnico Covid-19 na Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dependente funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica, para o estudo, informe, proposta, apoio á xestión e seguimento da emerxencia sanitaria derivada da pandemia ocasionada pola enfermidade Covid-19 no ámbito educativo.

Segundo.- Funcións

Serán funcións do Grupo Técnico Covid-19, no ámbito da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as seguintes:

- Prestar apoio e asistencia técnica á persoa titular da consellería e aos órganos superiores e de dirección respecto da situación derivada da pandemia por Covid-19.
- Colaboración e coordinación coas unidades de xestión dependentes da Consellería de Sanidade que teñan responsabilidades no ámbito educativo.
- A elaboración de propostas de revisión, actualización ou modificación de protocolos de actuación no ámbito educativo así como a proposta de novos protocolos á autoridade sanitaria na Comunidade Autónoma.
- A xestión do proceso de revisión e actualización dos protocolos, orientacións, plans de continxencia e procedementos específicos vinculados á Covid-19 que procedan, de acordo coas pautas das autoridades educativas e sanitarias.





- Coordinación transversal das accións formativas en materia de Covid-19 e nos protocolos, procedementos, plans e orientacións de aplicación.
- Asesoramento e colaboración na elaboración de propostas de disposicións ou actos administrativos en relación coa abordaxe da situación de pandemia.
- Monitoraxe da situación da pandemia e seguimento de datos estatísticos da evolución da enfermidade no ámbito educativo en colaboración coa Consellería de Sanidade.
- Elaboración de informes e promover a realización de estudos relacionados co impacto da Covid-19 no funcionamento dos centros educativos.
- Xestión dos procedementos particulares vinculados á emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19 que lle sexan encomendados.
- En xeral, cantas outras accións sexan necesarias no ámbito administrativo e técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para minimizar o risco da pandemia no ámbito educativo.

Terceiro.- Composición

O Grupo Técnico Covid-19 estará dirixido pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e coordinado por unha persoa designada por esta, cando menos con posto de xefatura de servizo ou equivalente.

A Secretaría Xeral Técnica poderá asignar a cantas persoas estime necesarias ao Grupo Técnico Covid-19 para que desenvolvan as funcións establecidas de xeito transitorio, a tempo completo ou parcial, en tanto se manteña a situación excepcional derivada da emerxencia sanitaria. As persoas serán designadas en base ao seu perfil profesional, traxectoria ou coñecementos especializados.

O Grupo Técnico Covid-19 contará, cando menos, cunha persoa asignada coa dedicación horaria que se determine, en cada xefatura territorial, por proposta da persoa titular da mesma.

Cuarto.- Coordinación

A vinculación técnica do Grupo Técnico Covid-19 coa Consellería de Sanidade, resto de consellerías e os centros directivos ou unidades administrativas da propia Consellería de Cultura, Educación e Universidade realizarase a través da persoa coordinadora do mesmo, que será a encargada da organización e xestión do grupo.



Serán funcións da persoa coordinadora:

1. Organizar e coordinar os traballos do grupo en función dos encargos específicos formulados para o desenvolvemento da súa función asesora.
2. Canalizar os apoios necesarios en materia de información e documentación, así como o desenvolvemento das xestións necesarias para garantir a boa marcha das actividades.
3. Coordinar con outros organismos e instancias, e en particular coa autoridade sanitaria, a información e formación relativa á Covid-19.
4. Propoñer a concorrencia e participación de persoal da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no Grupo Técnico con carácter excepcional ou estable en función do seu perfil e competencias profesionais.
5. Informar á persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da marcha dos traballos encomendados.
6. Xestionar, por orde da Secretaría Xeral Técnica, a convocatoria de reunións e formalizar a documentación das conclusións e ditames que se xeren na actividade do grupo.
7. Calquera outras que lle sexan encomendadas pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica.

Quinto.- Duración

O funcionamento do Grupo Técnico Covid-19 manterase operativo e funcionará con carácter permanente ata a normalización do impacto da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19 e da situación epidemiolóxica.

Santiago de Compostela

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

